



PLAN DIGITAL

CPR Plurilingüe Eduardo Pondal

15 de xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CPR Plurilingüe Eduardo Pondal (<https://eduardopondal.com/>) é unha cooperativa de ensino situado en Seixo 31, Darbo, no municipio de Cangas do Morrazo. Actualmente imparte ensinanzas de Educación Infantil (0 a 6 anos), Educación Primaria e ESO, en réxime de concerto coa Consellería de Educación. Contamos así mesmo, con dúas aulas de Educación Especial e unha aula de Audición en Linguaxe máis Pedagogía Terapéutica. Actualmente hai matriculados 395 alumnos e alumnas en total (83 en Infantil, 161 en Primaria e 151 en Secundaria). O número de profesorado é de 47.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A poboación de esta zona pertence a unha clase social media, con recursos económicos medios.

As actividades profesionais son principalmente pesqueiras e agrarias. Existe unha pequena industria asociada ó sector pesqueiro e unha actividade comercial propia dos pequenos núcleos de poboación.

Por mor de este ambiente económico, o nivel sociocultural da gran maioría é medio-baixo. Os estudos universitarios téñenos unha minoría, se ben, nos últimos anos, o acceso á universidade da poboación máis xove é cada vez maior.

Estamos creando unha comunidade de aprendizaxe onde o respecto, a tolerancia, a integración e a cooperación sexan os principios básicos; no que alumnado, profesorado e todo o persoal compartan un espazo que permita a aprendizaxe, a comprensión, a creación e o pensamento crítico.

Para iso, o noso centro intenta levar a cabo metodoloxías que faciliten a consecución destes obxectivos participando nunha serie de programas que nos axudan neste compromiso, como é o caso de **SEMGAL**, coa colaboración da USC e a Unidade de Altas Capacidades desta universidade, e a implementación do modelo **SEM** (Schoolwide Enrichment Model); a inclusión na REDE de Escolas **UNESCO**; os programas **LÓVA**, **EDIXGAL**, ETWINNING, METEOGALICIA, ou o **PLAN PROXECTA**. Participamos de xeito recorrente en certames e concursos como por exemplo Galiciencia, Parlamento Xove, Liga Maker Drone, Sen Vandalismo e Concurso de Oratoria da Fundación Barrié, etc...

Fomentamos o traballo por proxectos con metodoloxías activas e cooperativas, de xeito interdisciplinar e cando é pertinente entre persoas de distintos cursos académicos.

Para traballar deste xeito as novas tecnoloxías son fundamentais, sen deixar atrás o que implican na atención á diversidade ou a posibilidade de traballar con persoas que non poidan asistir fisicamente ao Centro. O illamento provocado pola COVID-19 supuxo un punto de inflexión tanto na conciencia da utilidade das novas tecnoloxías como no progreso da competencia dixital do profesorado e alumnado. Moitos bos hábitos e xeitos de traballo (aula invertida, aulas virtuais, etc...) adquiridos no confinamento seguen vixentes a día de hoxe.

A necesidade que presenta a entrada en vigor da LOMLOE de renovar os distintos Plans de Organización do Centro (PE, Plan Lector, PLC, PXAD, etc...) supón unha oportunidade para elaborar de xeito colectivo os puntos comúns, as relacións entre eles... de xeito que non se pode concibir un Plan Dixital sen contar coas reflexións dos distintos departamentos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021 -2022

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a e directoras, entre outras, cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos

formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021 2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021 establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e territoriais, que incentiva a formación continua e cre no talento, promovendo emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.

No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena.

Co fin de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe, como secretario xeral de Educación e Formación Profesional.

1.4. Proceso de elaboración

O profesorado asumiu de xeito voluntario a participación na elaboración dos distintos documentos segundo os seus ámbitos de coñecemento e interese. Tamén se intentou que as distintas etapas educativas estean presentes en cada grupo de traballo.

Combinamos as ferramentas propostas desde os equipos de apoio da consellería de Educación (Enquisas, plantillas...) con enquisas de elaboración propia para ter en conta as particularidades de cada etapa ou departamento a hora de decidir os obxectivos e accións.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta cunha ampla rede wifi con problemas de conectividade en numerosas áreas do centro.

A totalidade do profesorado do Centro conta cun ordenador portátil ou torre provisto polo Centro, inda que unha maioría opta por usar os seus propios dispositivos xa que son de última xeración. Hai proxectores en todas as aulas.

Todo o alumnado de 5º de Primaria a 4º da ESO participa en Edixgal.

Cada aula da etapa de Educación Infantil conta cunha Pantalla Dixital, cunha tablet xigante para compartir entre tódalas aulas, e en Educación Especial cun ipad e una Pantalla Dixital para compartir entre dúas aulas.

Na biblioteca, integrada no PLAMBE, hai 4 ordenadores de mesa para uso do alumnado e un para a xestión dos préstamos, etc, vinculado a Meiga. Así mesmo contamos cunha emisora de radio, parte de Radio na Biblio, dotada dunha torre, pantalla, mesa de son, catro micrófonos con pé e catro cascos.

Na sala de profesores de Educación Infantil e Primaria contan cun ordenador de mesa, excepto na de a ESO que dispoñen de dous.

Contamos cun aula de informática con 23 ordenadores de mesa, un deles para o uso do profesorado. Ademais, contamos cunha impresora 3D a cal ten un uso exclusivo para o alumnado da ESO.

A xestión docente vese facilitada pola plataforma E-dixgal, por aulas virtuais pertencentes ao espazo Google e por blogs de titoría. Da mesma maneira, a comunicación coas familias é moito máis activa a través do uso de aplicacións de mensaxería instantánea como MIA plus a cal emprégase na etapa de Educación Infantil e Tokapp que utilízase en todas as etapas de Educación.

A persoa responsable do mantemento do equipamento é Jose Ángel Dias Silva, profesor na etapa de Educación Secundaria.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As cifras que se amosan a continuación son o reflexo da media das respostas dos membros do equipo directivo, o profesorado e o alumnado de Educación Primaria e ESO en relación con cada unha das áreas.

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	3.9	3.8
	Profesorado	4	4
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.8	4.3
	Profesorado	3.9	4
	Alumnado	3.4	3,4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.3	4.5
	Profesorado	4.3	4.3
	Alumnado	4.1	4.1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4	4.3
	Profesorado	3.8	4.2
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.2	4.8
	Profesorado	4.2	4.3
	Alumnado		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.6	4.2
	Profesorado	3.7	3.9
	Alumnado	3.4	3.4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.4	3.5
	Profesorado	3.1	3.1
	Alumnado		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.1	3.9
	Profesorado	4.2	4.1
	Alumnado	3.6	3.6

Participación segundo perfil do profesorado

No centro participaron 41 docentes dun total de 47 que foron convidados. É dicir, participou o 87,2% do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	38	43	88,4%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	3	4	75%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 83,0 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
83	Integrador/a (B1)	76.5	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

A puntuación media no TestCDD do noso centro é de 83,0 sobre 192, polo tanto o profesorado acadou un nivel Integrador/a (B1). Excepto ENR que obtivo un nivel de Explorador/a (A2).

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	74.7	Integrador/a (B1)	68.2	Integrador/a (B1)
ESO	91.6	Integrador/a (B1)	79.3	Integrador/a (B1)
Pri.	81.8	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
Ed. Esp.	74.7	Integrador/a (B1)	72.1	Integrador/a (B1)
ENR	50	Explorador/a (A2)	75.8	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	10	24.4%
B1	18	43.9%
B2	12	29.3%
C1	1	2.4%
C2	0	0%
TOTAL	41	100%

2.3. Análise DAFO

A continuación, recóllense unha serie de aspectos extraídos do informe SELFIE. Onde reflexionamos que supoñen para nós unha debilidade unha fortaleza, unha oportunidade ou unha ameaza.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C5. Disponibilidade das persoas responsables.</p> <p>C2. EDIXGAL.</p> <p>C2. Familias con acceso á tecnoloxía.</p>	<p>A5 OP. Pouca conciencia da necesidade do respecto ás licenzas.</p> <p>C7. Pouca conciencia da necesidade do respecto ás licenzas.</p> <p>C1. Tendencia ao uso do Software non libre.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>B3. Reunións sistemáticas entre persoas coordinadoras.</p> <p>B3. Pertenza a diferentes grupos de Whatsapp relacionados no ámbito docente.</p> <p>B3. Pertenza a Rede de escolas asociadas a UNESCO, Etwinning e o de Bibliotecas Escolares.</p> <p>A3. Formación por medio de Edixgal.</p> <p>A3. Intercambio de información informal entre o profesorado.</p> <p>F6. Centro SEM.</p> <p>E2. Moitas iniciativas individuais.</p> <p>A3. Centro SEM.</p>	<p>E2. Espazo de intercambio de información por medios informais.</p> <p>D1. Falta de tempo para compartir de xeito sistemático.</p> <p>D1. Iniciativas individuais.</p> <p>G5. Intentos aillados.</p> <p>F3. Uso activo pero non creativo.</p> <p>D1. Baixa oferta e demanda para a formación do profesorado.</p>

		A3. Edixgal, Etwining prácticas variadas. Persoal docente fixo. F1. Adaptación as diferentes preferencias e ferramentas segundo o profesorado.	
	PERSOAL NON DOCENTE	Persoal non docente fixo.	
	ALUMNADO	C13 OP. Equipos Edixgal H12. Uso de plataformas, recursos dixitais... H13. En proceso.	H11. Competencia sen acadar.
	FAMILIAS	E4. Implicación total das familias. C2. Familias con acceso á tecnoloxía.	

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	OFERTA	A3. Centro SEM A3. Educación Obligatoria.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	B3. Pertenza a Rede de escolas asociadas a UNESCO, Etwining e o de Bibliotecas Escolares. B3. Concello, Fundación Barrié, UNESCO, Galiciencia.	A4 OP. Exceso de carga de traballo para os docentes. G8 OP. Intentos aillados.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Concierto e Edixgal. C. Apoio a nosa acción/filosofía educativa.	
	LEXISLACIÓN	Os aspectos competencias sintonizan coa nosa filosofía. Xénero, Asuntos Sociais...	A5 OP. Pouca conciencia da necesidade do respecto ás licenzas.
	CONTORNA	E4. Clase media e familias comprometidas coa formación.	
	ANPA	E4. Pouca implicación por parte del ANPA	E4. Pouca implicación por parte del ANPA

	<p>OUTRAS ENTIDADES</p>	<p>B3.Pertenza a Rede de escolas asociadas a UNESCO, Etwining e o de Bibliotecas Escolares.</p> <p>B3.Concello, Fundación Barrié, UNESCO, Galiciencia.</p>	
--	-------------------------	--	--

3. Plan de Acción

O centro educativo conta con medios tecnolóxicos de diferentes características, algúns deles asociados a aulas específicas, como a aula de informática ou asociado a aulas xerais, tales como ordenadores, Pantallas Dixitais Interactivas(PDI) e proxectores.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Aparecen reflectidos nas seguintes táboas:

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: LIDERADO							
OBXECTIVO 1:		A1. CONCRETAR UNHA ESTRATEXIA DIXITAL				Acadado	
RESPONSABLE:		Director				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		Existencia dun documento					
Valor de partida		Non existe tal documento					
Valor previsto e data		Documento			2 de setembro 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Convocatoria dunha reunión de responsables de ciclo para definir necesidades e obxectivos.	Dirección	9 de Maio	Persoais	Asistencia 100%	Realizada	x	
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: Análise do listado de debilidades e ameazas segundo a pertinencia ao ciclo.	Responsables de ciclo	10 Maio	Persoais	Asistencia 100% Implicación total.	Realizada	x	
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Creación dun cuestionario interno para compilar opinións e ideas de acción.	Responsables do Plan Dixital	15 de maio	Enquisa en Google forms	Participación do 90% do profesorado, tanto de xeito individual como agrupado por materias ou áreas.	Realizada	x	
					Aprazada		
					Pendente		
A01.4: Deseño do plan de acción para os ítems seleccionados.	Responsables do Plan Dixital	22 maio	Modelos Plan de Acción		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.5: Creación dunha	Responsables do	2 Setembro	Equipamento		Realizada		

infografía sinxela cos puntos máis relevantes.	Plan Dixital				Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”: LIDERADO						
OBXECTIVO 2:	A2. DESENVOLVER A ESTRATEXIA CO PROFESORADO				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Alusión á acción de mellora dos ítems do plan na concreción didáctica dos proxectos					
Valor de partida	0%					
Valor previsto e data	100%			20 de xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Presentación ao claustro dun cuestionario interno para compilar opinións e ideas de acción.	Coordinación plan dixital	10 de maio 2022	Cuestionario Google forms	Participación do 90% do profesorado, tanto de xeito individual como agrupado por materias ou áreas.	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Creación dunha infografía cos puntos máis importantes.	Coordinación do plan dixital	2 de setembro 2022	Copias da infografía para todo o profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Presentación e reparto ao profesorado do plan dixital.	Xefatura de Estudos	2 de setembro 2022	Persoais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A02.4: Compilación dos ítems tratados ao longo do curso.	Responsables de ciclo	20 de xuño 2023	Modelo compartido: nome e curso do proxecto e debilidade/ameaza tratadas.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”: LIDERADO					
OBXECTIVO 3:	B1: AVALIAR A IMPLEMENTACIÓN E VALIDEZ DO PLAN DIXITAL			Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora Plan Dixital			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Enquisa sobre a mellora na conciencia dixital e o seu impacto na comunidade				
Valor de partida	Enquisa inicial				
Valor previsto e data	Enquisa final de curso		30 de Xuño 2023		
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A03.1 Elaboración dunha enquisa sobre conciencia e hábitos dixitais para profesorado e alumnado.	Coordinación plan dixital	2 de setembro 2022	Formulario de Google		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.2 Reenvío do mesmo formulario ao remate do curso.	Coordinación Plan Dixital	20 de xuño 2023	Formulario de Google		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.3 Análise dos datos e programación de accións	Coordinación Plan Dixital	30 de Xuño 2023	Persoais		Realizada
					Aprazada

pertinentes.					Pendente
---------------------	--	--	--	--	-----------------

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS							
OBXECTIVO 4:	C8. PROVER DE DISPOSITIVOS DIXITAIS					Acadado	
RESPONSABLE:	Director					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de dispositivos/ alumnado						
Valor de partida	De 5º de primaria a 4º da ESO 100% ordenadores Edixgal, 4º primaria 50% con dispositivos persoais e non de xeito rutinario.						
Valor previsto e data	100% de 4º de primaria a 4º ESO			30 de setembro 2022			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A04.1: Reunión para valorar a necesidade de dispositivos en 3º e 4ª de primaria.	Responsables de ciclo	9 de maio 2022	Persoais.	00% do profesorado implicado. Non se considera necesario o uso de dispositivos persoais de xeito sistemático en 3º e 4º.	Realizada	x	
					Aprazada		
					Pendente		
A04.2: Enquisa ao profesorado sobre este tema.	Responsables Plan Dixital	10 de maio 2022	Cuestionario online	100% do profesorado implicado. Non se considera necesario o uso de dispositivos persoais de xeito sistemático en 3º e 4º.	Realizada	X	
					Aprazada		
					Pendente		

A04.3: Rehabilitación da sala de informática.	Dirección	9 de setembro 2022	Equipamento informático	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A04.4: Instalación nas aulas de 1º a 4º de varios equipos informáticos.	Dirección	9 de setembro 2022	Equipamento informático	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”: NECESIDADES DE FORMACIÓN						
OBXECTIVO 5:	D1, D3. FORMAR AO PROFESORADO EN FERRAMENTAS DIXITAIS E DOTALO DUN XEITO FACTIBLE DE COMPARTIR COÑECEMENTOS.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Profesorado implicado na formación					
Valor de partida	5%					
Valor previsto e data	100%		30 de xuño 2023			
ACCÍONS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Reunión inicial para definir necesidades e obxectivos.	Responsables de ciclo	10 de maio 2022	Gráfica resultados DAFO e plantillas do plan de acción	Asistencia 100%	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	

AO5.2: Elaboración dunha lista online de ferramentas apropiadas para as distintas áreas.	Profesorado	30 de xuño 2023	Documento compartido		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Formación en DUA.	Xefatura de Estudos	1 de outubro 2022	Medios persoais e informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4: Formación externa en ferramentas dixitais, con énfase en aplicacións específicas para materias como música, EF, matemáticas...	Dirección	20 de decembro 2022	Medios persoais e informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS						
OBXECTIVO 6:	D1 E2. CREACIÓN DUN BANCO DE RECURSOS E FERRAMENTAS DIXITAIS.				Acadado	
RESPONSABLE:	Director				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Existencia do banco					
Valor de partida	Nos existe o documento					
Valor previsto e data	Existencia de documento				30 de xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	

A06.1: Reunión inicial para definir necesidades e obxectivos.	Responsables de ciclo	10 de maio 2022	Gráfica resultados DAFO e plantillas do plan de acción	Asistencia 100%	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Enquisa ao profesorado sobre este tema.	Responsables Plan Dixital	10 de maio 2022	Cuestionario online	Implicación total por parte do profesorado.	Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
A06.3: Elaboración dun listado de destrezas dixitais que o alumnado debe ter acadado ao final das etapas.	Responsables de ciclo	20 de maio 2022	Documento compartido	Implicación total por parte do profesorado.	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
A06.4: Elaboración dunha lista online de ferramentas apropiadas para as distintas áreas	Profesorado	30 de xuño de 2023	Documento compartido		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA			
OBXECTIVO 7:	F1. CREAR, ALMACENAR E USAR MATERIAIS DIXITAIS ADAPTADOS ÁS NECESIDADES DO ALUMNADO.		Acadado
RESPONSABLE:	Coordinadora Plan Dixital		Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cualificación alumnado		
Valor de partida	Media das notas na avaliación inicial		

Valor previsto e data		Subida de dita media na avaliación final		30 de xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO7.1: Reunión inicial para definir necesidades e obxectivos.	Responsables de ciclo	10 de maio de 2022	Gráfica resultados DAFO e. modelos do plan de acción	Asistencia 100%	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Enquisa ao profesorado sobre este tema.	Responsables Plan Dixital	10 de maio 2022	Cuestionario online	Implicación total.	Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: Elaboración dunha lista con directrices de adaptación dos materiais.	Dpto de Orientación	2 de setembro 2022	Listaxe de directrices segundo o diagnóstico ou características.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.4: Formación en DUA.	Xefatura de Estudos	1 de outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.5: Creación dun espazo virtual para compartir actividades, recursos... segundo cursos ou áreas.	Responsables de Ciclo	2 de setembro 2022	Equipamento informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA			
OBXECTIVO 8:	D1 F3: FOMENTAR O USO DE FERRAMENTAS DIXITAIS PARA FOMENTAR A CREATIVIDADE.	F1 A IMPLICACIÓN DO ALUMNADO.	Acadado

F6. AUMENTAR O USO DE FERRAMENTAS DIXITAIS NOS PROXECTOS INTERDISCIPLINARES.						
RESPONSABLE:	Coordinadora Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de proxectos con estas características					
Valor de partida	4 proxectos na ESO					
Valor previsto e data	6 proxectos na ESO e 2 en primaria			30 de xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO8.1: Reunión inicial para definir necesidades e obxectivos	Responsables de ciclo	10 de maio de 2022	Gráfica resultados DAFO e plantillas do plan de acción	100% Asistencia	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Elaboración dunha lista online de ferramentas apropiadas para as distintas áreas	Profesorado	30 de xuño de 2023	Documento compartido		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Formación en DUA	Xefatura de Estudos	1 de outubro 2022	Medios persoais e informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.4: Formación externa en ferramentas dixitais, con énfase en aplicacións específicas para materias como música, EF, matemáticas...	Dirección	20 de decembro 2022	Medios persoais e informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN						
OBXECTIVO 9:	D1, G1, G2, G5. COÑECER E EMPREGAR FERRAMENTAS DIXITAIS DE HÉTERO E CO-AVALIACIÓN.				Acadado	
RESPONSABLE:	Director				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Uso de aplicacións e ferramentas dixitais para a avaliación					
Valor de partida	Coñecemento e uso de ferramentas					
Valor previsto e data	Coñecemento e uso de ferramentas		30 de xuño 2023			
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A09.1: Enquisa ao profesorado sobre este tema	Responsables Plan Dixital	10 maio 2022	Cuestionario online	A resposta do profesorado é escéptica neste tema, non se considera prioritaria, xa que ditas ferramentas limítanse a unha avaliación sumativa e non formativa.	Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
A09.2: Elaboración dunha lista online de ferramentas de avaliación	Profesorado	30 de xuño de 2023	Documento compartido		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A09.3: Formación externa en ferramentas dixitais de avaliación	Dirección	20 de decembro 2022	Medios persoais e informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
OBXECTIVO 10:	H1, H5. FOMENTAR UN USO SEGURO E RESPONSABLE DOS DISPOSITIVOS.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Incidencias relacionadas con este tema					
Valor de partida	3 incidentes anuais					
Valor previsto e data	0 incidentes			20 xuño 2023		
ACCÍONS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO10.1 Supervisar creación de enderezos e contrasinais seguros, con control parenteral.	Titores	30 setembro 2022	Persoais e informáticos, con axuda das familias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO10.2 Seguir coa formación outorgada no Plan Director nas titorías.	Titores	20 decembro 2022	Persoais, Garda Civil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
OBXECTIVO 11:	H4, H6. VERIFICAR A CALIDADE DA INFORMACIÓN E OTORGAR RECOÑECEMENTO DE AUTORÍA.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Recoñecemento da orixe da información e autoría nos traballos de 5º de primaria en diante.					
Valor de partida	Aparencia illada de créditos en nos traballos					
Valor previsto e data	100% de créditos			20 xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A011.1: Presentación dos conceptos ALFIN-AMI.	Responsables de biblioteca	30 setembro 2022	Documento de Plan de Biblioteca		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Como ven ditan os apartados anteriores, todas as aulas do Centro están dotadas de medios dixitais, os cales favorecen o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pero nos últimos anos, moitos dos dispositivos están obsoletos ou comezan a fallar. Por iso, vemos moitas carencias que cremos que poderíamos mellorar se puidésemos dotar de aparatos tecnolóxicos máis modernos, máis interactivos e adaptados a todo o alumnado, o cal poida sentirse máis independente en todo o proceso ensinanza-aprendizaxe. Ademais, a nosa metodoloxía céntrase no desenvolvemento de Proxectos en todos os niveis educativos, a cal ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias básicas. Esta metodoloxía contribúe de maneira moi directa ao tratamento da información e Competencia Dixital.

Deste xeito, para poder levar a cabo o traballo por Proxectos e totalmente necesario dixitalizar as aulas e **o noso Centro precisa:**

Educación Infantil

- 4º de Educación Infantil - 1 Pantalla Dixital Interactiva xunto a un ordenador portátil.
- 4º, 5º e 6º Educación Infantil -2 tablets por aula, é dicir, un total de 10 tablets.
- 6º Educación Infantil - 1 Ordenador portátil.

Educación Primaria

- Para todas as aulas de Educación Primaria - 10 Pantallas Dixitais Interactivas.
- 1º, 2º, 3º e 4º Educación Primaria - 1 ordenador de mesa por aula, é dicir, 7 ordenadores de mesa.

Educación Secundaria

- Para todas as aulas de Educación Secundaria - 8 Pantallas Dixitais Interactivas, é dicir, 1 por aula.

Educación Especial

Contamos con dúas aulas de Educación Especial. Unha delas non dispón de ningún tipo de dispositivo electrónico e en moitas ocasións son necesarios equipos específicos para a realización de actividades máis adaptadas e visuais para o alumnado de escolarización combinada, como realización do calendario, reforzar conceptos, traballar a atención e a concentración, escoitar cancións o que favorece ao control de impulsos...

Para levar a cabo todo o anterior precísase:

- 1 Pizarra Dixital Interactiva.
- Ordenador portátil.
- Tablet.
- Auriculares con almofada.

Audición e Linguaxe – Pedagogía Terapéutica

Na aula de Audición e Linguaxe máis Pedagogía Terapéutica só contan cun ordenador portátil. Polo que sería interesante dixitalizar un pouco máis esta aula cos seguintes dispositivos eléctricos:

- 1 Pantalla Dixital Interactiva.
- Lector de textos electrónico – reproduce calquera tipo de documento que teñamos nun ordenador. É un Software que ten como obxectivo axudar ao alumnado con dificultades na lectura ou na escritura. Ademais, acceden á información dunha forma multisensorial a través do canal visual e auditivo.

Aula de Informática

Contamos cun aula de informática que ten un total de 23 ordenadores para o alumnado e 1 para a xestión do profesorado. Nos últimos anos, foi un aula que só se empregaba para os nenos e nenas de Educación Infantil e o módulo de robótica. Agora co novo Plan Dixital temos como obxectivo volver a recuperar o aula para todas as etapas educativas. Pero atopámonos con que un 25% dos dispositivos non funcionan correctamente xa que son moi antigos, polo que precisaríamos:

- 6 ordenadores de mesa.
- Mellorar a seguridade na rede do Centro.

Módulo Róbotica

O módulo de robótica impártese tanto en Educación Primaria (Scratch) como en Educación Secundaria. Neste módulo traballan coa programación de sensores controlados coas placas para despois usala nos proxectos que realízanse no Centro. Tamén dispoñemos dun dron co cal fan probas de voo e adéstranse para presentarse

cada ano á Liga Maker Dron. Polo que as necesidades que ten o módulo de robótica son:

- Dispoñer de 5 drones de iniciación que lles permita ao alumnado introducirse no mundo dos drones, xa que só un resulta insuficiente.
- Dispoñer dunha impresora 3D para introducirmos no deseño tridimensional e na impresión de prototipos para os proxectos.
- Dispoñer de Kits de programación adaptados a cada etapa para iniciarse gradualmente á programación e á robótica dende idades temperás.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será:

- Unha **avaliación procesual** unha vez ao trimestre no que se valorará: estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Unha **avaliación final** ao finalizar o curso académico no que se valorará tanto a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
- O estado da avaliación quedará reflectido nas táboas do plan de acción recollidas no apartado 3.2.

5. Difusión do plan

Para que tódolos obxectivos se leven a cabo, o/a coordinador/a xunto co seu equipo do Plan dixital presentarán dito documento ao claustro. O seguinte paso será elaborar unha infografía coa información, obxectivos e accións máis importantes para o equipo docente, os cales deberán ter en conta á hora de planificar a Programación Xeral e tamén ao deseñar os proxectos e actividades para o curso. Por outra banda, o Plan Dixital deberá ser subido a páxina web do colexio.